


# Sobre as violacións dos Dereitos das persoas migrantes e refuxiadas

Brid Brennan e Mónica Vargas – Transnational Institute



O modelo capitalista neoliberal artículase actualmente en torno á criminalidade e á impunidade. Os directivos das empresas transnacionais máis importantes do mundo e da banca internacional reciben todos os honores a pesar do seu papel nas crises financeiras globais e outros desastres que afectan ao planeta.



Evento de lanzamento de TPP en Barcelona

Tamén se trata dunha era na que o extractivismo de corte neocolonial desposúe de forma masiva a comunidades empobrecidas no Sur Global. Ao mesmo tempo vanse desatando guerras permanentes que devastan as nosas sociedades e programas austericidas que agreden profundamente a nosa dignidade. Para persoas que habitamos no continente europeo, quizais o espazo dende onde cristaliza de xeito máis agudo este modelo, radica na morte e desaparición de ducias de miles de persoas, no seu intento por atravesar os mares Mediterráneo e Exeo.

Pero moi raramente temos acceso á voz e á análise dos propios protagonistas destas historias. Se isto ocorrese, acadaríamos non só entender as causas do desprazamento forzado, senón tamén identificar as políticas e responsables desta situación. É precisamente o que se pretendeu facer mediante a convocatoria do Tribunal Permanente dos Pobos (TPP) sobre as violacións con impunidade dos Dereitos Humanos das persoas migrantes e refuxiadas.

A proposta do TPP<sup>1</sup> foi lanzada por unha rica paleta de organizacións e redes de persoas migrantes en Europa, así como redes de apoio afíns, entre as que participa Entrepobos.

O Tribunal parte do recoñecemento da evidente e considerable contribución que as persoas migrantes e refuxiadas realizaron durante décadas ao desenvolvemento económico e político de Europa, así como aos seus países de orixe. Estas persoas reafirman de xeito crecente os seus dereitos humanos en loitas como aquelas das persoas migrantes indocumentadas reivindicando os dereitos dos seus fillos/as, as persoas empregadas no servizo doméstico, as persoas que traballan como xornaleiras agrícolas en Europa, as que sobreviven no sector informal, ou como traballadores da construción, construíndo as nosas casas e oficinas; as que traballan ao servizo da industria turística en hoteis e *caterings*, no

*A proposta do TPP foi lanzada por unha rica paleta de organizacións e redes de persoas migrantes en Europa, así como redes de apoio afíns, entre as que participa Entrepobos*

1. Vexa a chamada completa nesta ligazón: [http://transnationalmigrantplatform.net/?page\\_id=282](http://transnationalmigrantplatform.net/?page_id=282)

*Quizais un dos aspectos máis notables deste proceso é que aspira a construír dende abaixo, coas persoas máis afectadas*

*Confiamos en que este proceso permitirá empoderar e dar maior visibilidade aos Pobos Migrantes*



*Evento de lanzamento de TPP en Barcelona*

traballo sexual, ou ben nos barcos e plataformas petrolíferas.

Esta iniciativa pretende enfrontar a «Europa Fortaleza», sustentada en políticas de exclusión que implican a discriminación, a exclusión, explotación e violación dos dereitos en todas as etapas do proceso migratorio. A ausencia de entendemento das causas e responsables do desprazamento frecuentemente incrementa o terreo da intolerancia, o racismo, a xenofobia, a islamofobia, a lgbtobia contra as persoas migrantes e as súas familias, algunhas veces manifestadas con extrema violencia contra as persoas en tránsito así como nos países de asentamento.

O Tribunal ten diversas aspiracións, que se agardan conseguir nun proceso de arredor de dous anos. En primeiro lugar, búscase registrar as propostas das comunidades de persoas migrantes e refuxiadas para documentar en forma rigurosa. En segundo lugar, trátase de escoitar e visibilizar os casos de violacións dos dereitos das persoas migrantes e refuxiadas. Asemade, aspírase a analizar conxuntamente as causas profundas (incluíndo os acordos de comercio e investimentos, o extractivismo a nivel global, así como a cadea global de produción) dos desprazamentos forzados de persoas migrantes e refuxiadas. Por outra parte, búscase determinar as responsabilidades dos gobernos, incluída a Unión Europea. E finalmente, cabe destacar que o TPP enfocará o rol das empresas transnacionais na cadea de produción global así como no réxime de fronteiras.

Por iso, definíronse nun proceso de reflexión colectiva, seis eixos de traballo: as causas do desprazamento forzado; o tra-

xecto dende os países de orixe; o réxime de fronteiras; a Europa Fortaleza; o enfoque de xénero e a diversidade sexual; e os dereitos das persoas menores de idade e a mocidade. O documento da acusación foi presentado acompañado de testemuños de persoas afectadas e permitiu situar o Xurado ante o desafío de vulgar sobre crimes contra a humanidade, á vez que sobre as respostas e alternativas que están en pleno proceso de elaboración.

Quizais un dos aspectos máis notables deste proceso é que aspira a construír dende abaixo, coas persoas máis afectadas. Tras o exitoso lanzamento en Barcelona o 7 e 8 de xullo de 2017, iniciouse un proceso de preparación de tres primeiras audiencias. A primeira en Italia, en torno ao réxime de fronteiras no Mediterráneo, a segunda en Francia, enfocando a Europa Fortaleza e a terceira en Cataluña, concentrándose na situación das persoas menores de idade e a xuventude, así como no enfoque de xénero. Ditas audiencias deberían nutrir o proceso entre finais de 2017 e mediados de 2018, e darían paso posteriormente a audiencias sobre os eixos restantes.

Confiamos en que este proceso permitirá empoderar e dar maior visibilidade aos Pobos Migrantes, encarando a cadea de responsabilidades en toda a ruta migratoria e abrindo o espazo para que se promovan medidas de acceso á xustiza e de fin da impunidade. Pero por riba de todo, esperamos que o Tribunal nutra de xeito efectivo a lexítima reivindicación da Soberanía dos Pobos, a partir da cal podemos cambiar a realidade e avanzar cara a xustiza social, económica, política e ambiental. ■